

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	1373/441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”

I. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DO CONTRATO DE OBRAS (APROBACIÓN DO PROXECTO) ARTIGOS 231 E SEGUINTES DA LCSP

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 5 de abril de 2022 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”, a prol da empresa Galaicontrol S.L.

II.- A mercantil Galaicontrol S.L. presentou o proxecto construtivo “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Trinidad López Rodríguez.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de datas 22 e 23 de agosto de 2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 27e 29 de agosto de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.09.2022 aprobou o proxecto “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CATORCE MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (1.814.513,63 €), de data xuño de 2022 e asinado dixitalmente en data 26.07.2022. (Expte. 5468-443).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2022 09:38	Páxina 1 de 6
1373-441	CSV: ACA7BH-CE49AB-233D24-RCKMX9-PGB3MM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	1373/441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

II. NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP

1. Necesidade.

En cumprimento do artigo 28 da LCSP, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, xustifícanse na necesidade de remodelación e mellora de infraestruturas viarias de titularidade municipal. Estas necesidades e a idoneidade das obras proxectadas para satisfacelas atópanse definidas detalladamente xunto co seu alcance, na memoria e no proxecto.

Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, o proxecto contempla as actuacións necesarias para rehabilitar e renovar a contorna urbana do centro de saúde de Lavadores e do CEIP Fonte Escura, entre a avda. Ramón Nieto e Travesía de Barreiro.

Trátase dunha área consolidada da cidade, que co paso do tempo foi quedando desfasada tanto na prestación dos seus servizos urbanos como na calidade urbana dos seus espazos. A actuación céntrase na implantación de elementos mecánicos de transporte peonil, a creación de novos espazos mediante a reordenación do vial, e a renovación dos servizos urbanos: abastecemento, saneamento e iluminación; mellorando e modernizando a rúa a través dos seus pavimentos, mobiliario e espazos verdes.

2. Idoneidade.

A idoneidade das obras obxecto desta contratación para satisfacer as anteditas necesidades, desenvólense no respectivo proxecto. A actuación ten lugar na Travesía de Barreiro nº1 que comunica a Avenida de Ramón Nieto coa vía principal da Parroquia de Lavadores . Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2022 09:38	Páxina 2 de 6
1373-441	CSV: ACA7BH-CE49AB-233D24-RCKMX9-PGB3MM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	1373/441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

- Retirarase o mobiliario existente e demolerase as beirarrúas e calzada onde se proxecten as actuacións recollidas no proxecto.
- Renovarase a rede de fecais existente mediante tubaxes de PVC con diámetros de 400 mm e 500 mm.
- Executárase unha nova rede de pluviais mediante tubaxes de PVC con diámetros de 315 mm e 400 mm
- Renovarase a rede de abastecemento de auga potable mediante canalización de FD 100 mm. Cambiáranse as acometidas domiciliarias e instaláranse 7 bocas de rego e 1 hidrante.
- Instalarase unha nova rede de alumeadado público e puntos de luz sobre columna.
- Executaranse tamén redes de telecomunicación e rego.
- Construíranse tres ramplas mecánicas con lonxitudes de 11,05 m, 18,00 m e 21,00 m.
- Renovarase o pavimento e ordenáranse os espazos para peóns e vehículos con zonas delimitadas para tráfico rodado, tráfico compartido e zonas de aparcamento.
- Os carrís para o tráfico rodado terán un ancho variable comprendido entre os 3,0 m e os 3,50 m cada un, executados mediante capas de pavimento bituminoso AC22 BIN 50/70 S e AC16 SURF 50/70 D.
- As beirarrúas serán de formigón HA-25 no acceso ao Centro de Saúde de Lavadores mentres que se executarán con baldosa de granito cun anchura mínima de 1,8 m na travesía Barreiros
- En canto á xardinería plantaranse diferentes especies de árbores e plantas dependendo da situación das mesmas, segundo estean na zona estancial ou no entorno da rotonda.
- O mobiliario urbano estará composto por 16 bancos de madeira e fundición, 6 papeleiras, 1 fonte e un mural para ocultar a parte baixa unha torre de media tensión.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DEZ) 10 meses.

En definitiva, a necesidade e idoneidade da contratación, fundaméntase en relación co obxecto desta actuación, a cal está vinculada á remodelación e mellora de infraestruturas viarias de titularidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2022 09:38	Páxina 3 de 6
1373-441	CSV: ACA7BH-CE49AB-233D24-RCKMX9-PGB3MM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	1373/441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

municipal, destinadas directamente ao desenvolvemento dos servizos públicos de competencia local, polo cal, tendo en conta aspectos específicos dos proxectos a executar, faise necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo, non conta con recursos propios para a execución destas actuacións, dado que as mesmas demandan a execución de actuacións de obras cunha esixencia de man de obra e maquinaria, que non poden ser executados directamente pola propia estrutura municipal, polo cal entendese necesario acudir a unha contratación de obras para poder executar os proxectos previstos.

III. FINALIDADE INSTITUCIONAL, COMPETENCIAS MUNICIPAIS

A finalidade a satisfacer pola administración municipal está relacionada coa remodelación e mellora das infraestruturas das vías públicas de titularidade municipal, competencia municipal propia de carácter obrigatorio a teor do disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

IV. NATUREZA DAS OBRAS E RÉXIME XURÍDICO

1. As obras a executar teñen a condición dunha actuación de inversión xa que supoñen un incremento da capacidade, rendemento e eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuacións de "investimentos reais".
2. Asemade, en base o exposto, estas actuacións cualificaranse como contrato de obras segundo o disposto no artigo 13 da LCSP.
3. O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2022 09:38	Páxina 4 de 6
1373-441	CSV: ACA7BH-CE49AB-233D24-RCKMX9-PGB3MM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	1373/441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

V. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación das obras do proxecto **“VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”**.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnico de Xestión de Servizos Xerais.- Ruth Gallego Santos.

O Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas.- Jerónimo Centrón Castaños.

O Técnico de Administración Xeral.- Óscar Couce Senra.

DECRETO

Á vista do informe xustificativo da necesidade da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019),

RESOLVO: Iniciar expediente para a contratación das obras do proxecto **“VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”**.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado da Área dde Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe,

A Secretaria da Administración Local Accidental



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2022 09:38	Páxina 5 de 6
1373-441	CSV: ACA7BH-CE49AB-233D24-RCKMX9-PGB3MM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE:	1373/441	TIPO EXPTE:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
		SOLICITANTE:	Fomento

(Por resolución de encomenda de funcións de data 19.09.2022).- Elena Ares Salgado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/12/2022 09:38

Páxina 6 de 6

1373-441

CSV: ACA7BH-CE49AB-233D24-RCKMX9-PGB3MM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>